

RISCOS DERIVADOS DO USO

- Caída e rotura violenta da cinta.
- Contacto coa cinta en zona de operación.
- Cortes coa cinta durante o seu cambio.
- Atrapamentos en volantes.
- Proxección de partículas.
- Ruído.
- Inhalación de po de madeira



EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL



USO OBLIGATORIO
DE CALZADO
DE SEGURIDAD



USO OBLIGATORIO
DE PROTECTORES
AUDITIVOS



USO OBLIGATORIO DE
GAFAS ANTISALPICADURA
EN EL MANEJO DE
PRODUCTOS QUÍMICOS



USO OBLIGATORIO
DE GUANTES

NORMAS DE SEGURIDADE

- ✗ Manteña a orde e limpeza ao redor da máquina, sen obstáculos ou irregularidades no chan.
- ✗ Realice unha correcta montaxe da cinta, con apoios adecuados, tensión suficiente e volantes aliñados.
- ✗ Os volantes estarán totalmente inaccesibles.
- ✗ Realice un mantemento e uso axeitado da cinta, evitando quecementos excesivos nela (dispor dun sistema de refrixeración e limpeza da cinta por medio de circuíto de auga ou aceite) e cambiar a cinta cando presente un excesivo desgaste, dentes rotos ou soldaduras deficientes.
- ✗ Manteña a debida atención e precaución durante o uso da máquina mirando sempre cara á zona de operación.
- ✗ En caso de que o traballo que hai que realizar necesite de gran cantidade de luz localizada ou exista unha deficiente iluminación xeral colocarse un foco orientable.
- ✗ Poña roupa de traballo conveniente. Non leve roupa frouxa ou solta ou xoiás que poderían ser asidos polas pezas en movemento ou os dentes de serra.
- ✗ Utilice luvas de seguridade homologadas contra riscos mecánicos (norma EN 388) durante as operacións de cambio e manipulación manual das cintas.
- ✗ Dispor dun sistema de aspiración localizada de po para a máquina.
- ✗ Antes de cortar unha peza asegurarse de que non ten cravos, nós nin ningún defecto que poida facer perigoso o corte.
- ✗ Coide de que a súa posición sexa segura e de que conserve o equilibrio en todo momento.
- ✗ O corte debe facerse cas mans separadas da cinta.
- ✗ Para cortar pezas pequenas utilice un empurrador axeitado, non o faga nunca cos dedos polgares das mans estendidos.
- ✗ Non retire nunca os recortes coa mano, fágao sempre cun gancho e luvas de seguridade.
- ✗ Faga todas as operacións de limpeza e mantemento coa máquina desconectada.
- ✗ Evite toda posta en marcha accidental ou intempestiva da máquina. Asegúrese de que o interruptor está desconectado ao efectuar a conexión da ferramenta á rede eléctrica.
- ✗ Para facilitar a condución da madeira que hai que cortar recoméndase a disposición dunha barra-guía regulable.